

**ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA 2019-2020**  
**4º ESO CPI de Fonte Díaz**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B1.1</b> Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos.	<b>B1.1.2</b> Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.
<b>B1.4</b> Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	<b>B1.4.1</b> Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
<b>B1.6</b> Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	<b>B1.6.1</b> Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.
<b>B1.9</b> Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.	<b>B1.9.1</b> Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.
	<b>B1.9.2</b> Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.
<b>B1.11</b> Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	<b>B1.11.1</b> Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións dos interlocutores.
	<b>B1.11.2</b> Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.
<b>B2.1</b> Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	<b>B2.1.1</b> Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).
	<b>B2.1.3</b> Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.
	<b>B2.1.4</b> Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.
<b>B2.4</b> Comprender e interpretar textos argumentativos.	<b>B2.4.1</b> Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.

	<b>B2.4.4.2</b> Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.
<b>B2.5</b> Comprende e interpreta textos xornalísticos.	<b>B2.5.2</b> Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.
<b>B2.8</b> Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.	<b>B2.8.2</b> Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.
<b>B2.9</b> Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	<b>B2.9.1</b> Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).
	<b>B2.9.3</b> Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.
	<b>B2.9.5</b> Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.

<b>B3.6</b> Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	<b>B3.6.1</b> Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
	<b>B3.6.2</b> Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
<b>B3.8</b> Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	<b>B3.8.1</b> Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.
	<b>B3.8.4</b> Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.
<b>B.4.6</b> Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia	<b>B4.6.1</b> Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega

social da lingua galega e sinalar as distintas etapas desde 1916.	desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.
<b>B.4.7</b> Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	<b>B4.7.1</b> Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios, xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.
<b>B.4.8</b> Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	<b>B4.8.1</b> Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.
<b>B5.1</b> Identificar e comprender distintos períodos e xeracións da Literatura Galega dende 1916 ata a posguerra.	<b>B5.1.2</b> Comprende e explica razoadamente os períodos fundamentais da Literatura Galega dende 1916 sinalando os seus principais trazos característicos.
<b>B5.2</b> Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da Literatura Galega de 1916 ata a posguerra e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	<b>B5.2.2</b> Le e comenta obras ou textos representativas da Literatura Galega de 1916 ata a posguerra, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
<b>B5.5</b> Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	<b>B5.5.1</b> Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

### Avaliación

- Procedementos:
- Análise dun texto literario.
  - Recoñecemento da estrutura dun texto non literario.
  - Aplicación de termos do léxico galego.
  - Análise e elaboración de campos léxicos.
  - Identificación de frases e oracións e partes da oración.
  - Transformación de enunciados: frases en oracións.
  - Explicación dos trazos definitorios do texto, do enunciado, da oración e da frase.
  - Aplicación de regras ortográficas da lingua.
  - Análise de textos poéticos, narrativos e dramáticos de todos os autores da primeira e segunda a avaliación. Calas e aproximación a textos dos autores e autoras que corresponderían ao terceiro trimestre.
  - Enumerar e repasar trazos caracterizadores das obras e autores do Rexurdimento.
  - Explicar o que é o Grupo Nós.
  - Enumerar trazos caracterizadores da obra de Vicente Risco, Otero e Castelao.
  - Enumerar trazos caracterizadores da obra e dos autores das Vanguardas.
  - Enumerar trazos caracterizadores da obra da posguerra.
  - Análise de diversos soportes da información.

	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Observación directa na aula ou nos materiais que entregan por google classroom ou correo electrónico .</li> <li>➤ Videoconferencias.</li> <li>➤ Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.</li> <li>➤ Avaliación de contidos, probas e repaso das unidades 1º e 2º trimestre.</li> <li>➤ Avaliación de contidos, probas e afondamento das unidades 1º e 2º trimestre.</li> <li>➤ Achega e presentación <i>on line</i> de contidos básicos e competencias planificadas para o 3º trimestre.</li> <li>➤ Avaliación por competencias, proba correspondente ao 1º e 2º trimestre.</li> <li>➤ Probas de avaliación externa.</li> <li>➤ Outros documento <i>on line</i>, gráficos ou textuais.</li> <li>➤ Debates e intervencións na aula ou <i>on line</i>.</li> <li>➤ Proxectos persoais ou de grupo.</li> <li>➤ Representacións e dramatizacións.</li> <li>➤ Elaboracións multimedia.</li> </ul>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final será a suma da nota da primeira e segunda avaliación. A esta materia engadiránselle puntos obtidos da cualificación das tarefas semanais entregadas no terceiro trimestre. De ningunha maneira a nota final será inferior á media numérica da nota da primeira e segunda avaliación. Por contra, á nota media obtida da suma da primeira e segunda avaliación engadiranse os seguintes puntos para subir nota:</p> <p>Engadiranse 0.25 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 4,5 e 5,6 puntos.</p> <p>Engadiranse 0.5 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 5,7 e 6,6 puntos.</p> <p>Engadiranse 0.75 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 6,7 e 7,6 puntos.</p>



	<p>Engadirase 1 punto á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 7,7 e 8,6 puntos.</p> <p>Engadiranse 1.25 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 8,7 e 9,4 puntos.</p> <p>Engadiranse 1.5 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 9,5 e 10 puntos.</p> <p><b>Para recuperar a primeira e segunda avaliación</b> o alumno que as teña suspensas deberá realizar as tarefas semanais, entre as que se encontrarán materiais específicos de recuperación. Daranse por recuperadas as avaliacións cando o alumno entregue todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e teña nesas tarefas unha nota igual ou superior a 4 puntos.</p> <p>Para que poidan engadir puntos ou recuperar, as actividades han ser entregadas en tempo e hora, segundo marquen os distintos prazos e instrucións semanais, que habitualmente han ter en conta o horario da clase. O profesor poderá admitir actividades fóra de prazo tendo en conta problemas de conectividade e circunstancias persoais debidamente acreditadas dentro da realidade da pandemia.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>A alumnado que non recupere, recibirá tarefas a facer no verán. Daranse por recuperadas as avaliacións suspensas cando o alumno entregue na data marcada as tarefas do verán e teña nesas tarefas unha nota igual ou superior a 4 puntos.</p> <p>De non entregar ou superar as tarefas, e sempre atendendo ao que dispoñan as autoridades sanitarias, terá dereito ser estas avaliado nunha proba en setembro na que se incluírá só a materia do trimestre ou trimestres suspensos.</p>
<p><b>Avaliación de materia pendentes</b></p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai alumnado con materia pendente. Porén, quixera deixar constancia aquí que temos un alumno diagnosticado de trastorno do espectro autista para o que se deseñou unha adaptación curricular e que asistía ao colexio tres días á</p>

semana. Para lle dar continuidade ao seu proceso de aprendizaxe hase procurar apoio e asesoramento das especialistas de PT e AL, tentando non sobrecargar á familia, xa que require de acompañamento para desenvolver as actividades.

Criterios de cualificación:

Non hai alumnado con materia pendente

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Non hai alumnado con materia pendente.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

#### **Actividades**

- Actividades semanais de repaso da materia impartida no primeiro e segundo trimestre
- Actividades semanais de afondamento da materia impartida no primeiro e segundo trimestre.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Actividades de achega á materia programada para o terceiro trimestre (presentación por videoconferencia)</li> <li>➤ Obradoiros.</li> <li>➤ Actividades de recuperación individualizadas</li> <li>➤ Aprendizaxe cooperativa.</li> <li>➤ Praballos por tarefas.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b></p>	<p>Con conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Empregarase o google classroom, para entregar, avaliar e realizar as tarefas semanais.</li> <li>➤ Ao alumnado facilitaráselle tamén o correo electrónico <a href="mailto:galegofontediaz@gmail.com">galegofontediaz@gmail.com</a> para manter o contacto, resolver dúbidas ou entregar os materiais.</li> <li>➤ Faranse videoconferencias pola ferramenta webex.</li> <li>➤ Ao alumnado facilitaráselle un número de usuario e contrasinal para acceder á aula virtual, con acceso ao libro de texto e outros materiais da editoría Obradoiro Santillana, coa que traballamos na aula.</li> </ul> <p>Sen conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado recibirá un aviso coa tarefa a realizar no seu caderno e remitirá unha foto ou pdf desa tarefa ao correo electrónico <a href="mailto:galegofontediaz@gmail.com">galegofontediaz@gmail.com</a></li> </ul> <p><u>Hanse procurar sempre os seguintes principios metodolóxicos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Actividade e experimentación.</li> <li>➤ Participación.</li> <li>➤ Motivación.</li> <li>➤ Personalización.</li> <li>➤ Inclusión.</li> <li>➤ Interacción.</li> <li>➤ Relevancia.</li> <li>➤ Funcionalidade.</li> <li>➤ Globalización.</li> <li>➤ Avaliación formativa.</li> </ul>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <a href="#">Google classroom</a></li> <li>➤ Correo electrónico: <a href="mailto:galegofontediaz@gmail.com">galegofontediaz@gmail.com</a></li> <li>➤ <a href="http://aulavirtual.santillana.es/av3online/login">http://aulavirtual.santillana.es/av3online/login</a></li> </ul>

- A aplicación para videoconferencias: webex
- As tarefas e textos que as acompañan entregaranse tamén en formato word ou pdf para aquel alumnado por problemas de conectividade. Ese alumnado resolverá as tarefas no seu caderno.

Para tentar sacar proveito desta situación anómala, procurárase familiarizar ao alumnado con conectividade con recursos *on line* como:

- <https://aulasgalegas.org/>
- <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/espazos/recursos>
- <https://portaldaspalabras.gal/>
- <http://www.kalandraka.tv/gl/index.php>
- <http://www.crtvg.es/informativos/etiqueta/digochoeu>
- <https://www.lingua.gal/recursos/para-medrar-en-galego>
- <https://www.as-pg.gal/aula-digital>
- <https://www.ogalego.eu/>
- [http://webardora.net/index\\_gal.htm](http://webardora.net/index_gal.htm)

O alumnado sen conectividade recibiu na súa casa o libro de texto e indicáraselle, cando sexa preciso, as unidades que ha empregar para resolver as tarefas.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A familias han ser informadas por Abalar de cada tarefa e actividade que se propoña.</p> <p>As familias que así o comuniquen serán informadas por correo individual.</p> <p>O alumnado será informado pola aplicación google classroom de cada tarefa, actividade semanal.</p> <p>Do mesmo xeito por google classroom daranse as instrucións necesarias para desenvolver as tarefas e os criterios para avalialas.</p> <p>O profesor comunicará ao titor ou titora aqueles casos onde non sexa posible ou sexa difícil a comunicación co alumnado ou coas familias.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.